

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Ricardo Palmás do 15/04/1970**

**Colección:**

**Data:** 15/04/1970

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Ricardo Palmás;

**Orixe:**

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Temáticas:**

Artes; Artes visuais; Emigración; Exposición de Luis Seoane. Madrid. 1970; Migracións; Mobilizacións de Castrelo de Miño; Política;

**Mencionados:**

Basilio Álvarez; José Martínez Romero; Maruxa Seoane;

---

## **Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Ricardo Palmás do 15/04/1970**

A Cruña 15 de abril de 1970

Sr. Ricardo Palmás  
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Recibín a súa carta, data 4 deste mes. Viñemos de Madrid o domingo derradeiro denantes de rematada a exposición, remátase hoxe, polo meu traballo eiquí. Resulta dun gran éxito. Moitas críticas, moi boas i estensas, afirmándoa como unha das milliores exposicións da temporada, moito público mozo e algunhas vendas. Estou, pois, moi contento polo resultado. Matino que a proposición de vostede pra

Fundación Penzol tenlles de interesar, coma ten interés o posíbel traballo sobre a violencia en Galicia e as rebeliós campesinas dende a Edade Media deica Castrelo de Miño, cun capídoo moi interesante que tería de sere o referido ao movemento agrario dirixido por Basilio Álvarez na segunda decena deste século. Compreendendo na violencia a emigración, que é outra forma de violencia.

Non sei nada da coleitividade. Supoño que o Instituto Arxentino de Cultura Galega é a Comisión de Cultura do Centro Galego, unha colección de badocos sen remedio. O señor Barreiro da Agrupación Unión Galega puxérono seguramente porque en algún tempo terá feito o boletín do sindicato de cortadores, ó que pertencía. De Galicia non sabe nada. É boa persoa mais xa un pouco ido. Voltaremos nos derradeiros días de Maio.

Unha aperta moi forte para Inés, Pilar e Martínez Romero e pra vostede de Maruxa e miña. A Inés escribolle tamén:

[Seoane]

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.